

fume

personaxes

LOURENZO. Traballador temporal e fumador perpetuo.

PEDRO. Músico a piques de casar. Tamén fuma.

A guitarra de Pedro, acústica, clásica ou española, a escoller, espida ou vestida.

Raquel, insinuante secretaria de Umano Trballo Temporal, traballadora fixa de eficiencia desmedida, curmá carnal de Pedro.

Unha compañeira de Raquel ETT.

A sobriña, fermosísima e despiadada muller sen nome que rexe os destinos de Cárnicas Amancio, empresa herdada por decisión xudicial baseada en dictame psiquiátrico de inutilidade para cargo público do seu tío **Don Amancio,** émulo do porco de pé.

Don Amancio mesmo, encaramado a diario a unhas das caixas no patio da fábrica, chova, neve ou faga sol.

Chicho, debuxo de porco que moito relembra un caChuciño, anagrama da empresa de **Don Amancio,** Cárnicas Amancio, chourizos galegos de calidade.

Sindo, o encargado da fábrica, adail ou adalide -que de ambos xeitos pode e debe decirse- da productividade laboral, contratado fixo discontinuo de oito a oito en Cárnicas Chicho.

Choliño, camareiro madridista do bar Manhattan.

Beatriz, enigmática moza que recibe unha chamada de teléfono ás sete e media da mañá e ten a tales horas capacidade de raciocinio.

A futura de Pedro, musa temporal por obra ou servicio determinado.

A muller de Lourenzo, Beatriz, contratada fixa.

Beatriz futura filla, o fetiño, en proceso de formación.

Tito, fillo de Lourenzo, estudante.

O Gameover, rapaciño paranoico amistado co fillo de Lourenzo.

Tobi, can, de profesión tratamento psiquiátrico.

Vacas preocupadas pola situación do suministro eléctrico, porcos inconscientes colgados de cadeas para sangrar, unha canción de Dylan, compañeiros da chacina, Eric Clapton encerrado no reverso metálico de dous discos compactos, a versión traducida en vivo dunha canción de Pimpinela, clientes do Manhattan, buseros, gastadores compulsivos de combustible que van e veñen de producir e consumir, veciños, amigos e familiares.

Outros.

cero cero cero cero cero cero cero cero cero

Hall dunha Empresa de Traballo Temporal. Un letreiroño prohíbe fumar. Os dedos de Raquel desplázanse polo teclado dun ordenador. Soan teléfonos. O Vals do Emperador dixitalizado e musicalmente enfiado ameaza os tímpanos do esperante Lourenzo, vestido de domingo, currículum baixo do brazo. Érguese e pasea, senta e escoita. Golpea repetidamente un pitillo pola parte do filtro contra o reló, quéimalle a punta de papel cheo de vacío, préndeo antes de descubrir o cartel. Debátese épicamente na tormenta da dúbida. ¿Vinte pelas tiradas nunha calada ou un posto de traballo tirado en varias? Mira se o ven. Acaba apagando os catro pesos contra un borde do asento, ou tragándoo prendido. Neste lugar de orden non hai cinceiros, por suposto. Ráñase o nariz, a entreperna, de volta ó nariz entra Pedro. Trae unha guitarra enfundada.

PEDRO: ¡Bos días! ¿Onde coincidimos? En People, ¿non?

LOURENZO: Si. E en Nortempo.

Lourenzo ofrécelle un pitillo raposeiro a Pedro.

LOURENZO: ¿Queres?

Pedro mírao, sinala o carteliño, rexeita o convite.

PEDRO: Non se pode.

LOURENZO: Prohíben fumar en todas partes.

PEDRO: En Nortempo non tiñan máis que un chollo.

LOURENZO: Si. E facía falta experiencia no mundo do espectáculo.

PEDRO: Eu teño. Traballei nunha orquesta. Por iso fun.

LOURENZO: Buscaban xente para facer de paiaso en festas infantis.

PEDRO: Si. Dixéronme que non tiña gracia. Mandáronme a Alta Gestión, un chollo de limpador de piscinas. Está moi ben, non das pancada, e se tes sorte podes apañar algo do que se deixan os bañistas. Un que xa traballou contoume que atopou un trolex.

LOURENZO: De ouro.

PEDRO: Si, do que cagou o mouro. Con perdón. Un trolex. Sacou mil pesos sen facer nada.

LOURENZO: Total, xa estaba collido, ¿non?. Na orquesta pagarían ben.

PEDRO: Cento vinte mil ó mes.

LOURENZO: Como vos explotan. Eu a moitos chollos nas Etetés xa nin vou. Vin directamente a Umano traballo temporal. O nome inspírame confianza. Umano.
Mira o pitillo prensado. Lástima que non teña hache.

PEDRO: Eu teño unha curmá traballando aquí.

LOURENZO: Nestas cousas tamén hai enchufes.

Sorrí mirando a súa carpeta

PEDRO: ¿Todo eso é o currículum?

LOURENZO: Si, acojona, ¿eh?

PEDRO: Pero o currículum debe ser o máis esquemático e claro que se poida, sinalando as experiencias laborais máis salientables relacionadas co posto ó que se aspira. Unha folla, non miran máis que unha folla.

LOURENZO: Eu tamén fun ó cursiño ese do INEM, pero a min non me volven joder. En Adecco pedíronme para un posto de camareiro en Palma de Mallorca o currículum en alemán. E había xente que o tiña, ¿que che parece? Agora levo o currículum en galego, español, francés, ¿ves? este vai con foto impresa, non pegada, os franceses son mogollón de maniáticos con esas cousas. Alemán, italiano, mira, vintecinque anni, teño trinta, pero é por non cambialo todo. Portugués: para esta foto deixei o bigote... O que ti queiras. Catalán, vasco. E teño un colega, que é o que me... vaia, un colega que está traducíndomo ó marroquí. Agora hai moito futuro nas relacións cos países do Magreb.

PEDRO: Se eses non estan en Europa.

LOURENZO: Con máis razón, é un mercado potencial. ¿Ti non fuches ó curso de mercados potenciais e novas tecnoloxías para a empresa do século XXI? A min chamáronme do Servicio Galego de Colocación.

PEDRO: Estás preparado.

LOURENZO: Ovella que bala...

Miran ó mostrador.

LOURENZO: Tremenda cachonda.

PEDRO: Esta moi ben.

LOURENZO: Di que si. O que lle facía eu a esa.

PEDRO: É a miña curmá Raquel.

LOURENZO: É guapa.

PEDRO: Si.

RAQUEL: Lourenzo Loureiro Leiro, por favor.

Lourenzo pérdese do outro lado do mostrador, Pedro queda escoitando a conversación nos altavoces que Raquel esqueceu desconectar.

LOURENZO: Hola, bos días.

RAQUEL: Buenos días. Viene por las plazas de envasador de industria cárnica, referencia ce ciento veinticinco. ¿No es?

LOURENZO: Es.

RAQUEL: Se requiere bachillerato completo...

LOURENZO: Aquí está la fotocopia del título, compulsada.

RAQUEL: Muy bien. Licencia de manipulador de alimentos y más...

LOURENZO: Tome, expedida por la Xunta. Bueno, Junta.

RAQUEL: Muy bien. No incurrir en las causas de incompatibilidad recogidas en la ley.

LOURENZO: No incurro. Estoy parado desde finales de año.

RAQUEL: Era broma, hombre. Como veo aquí que hicistes dos años de Derecho.

LOURENZO: Ah. Imitas mucho a tu primo, acabo de conocerlo. Está ahí.

RAQUEL: *Con desprecio.* Pedro. Si.

Pedro saca un pitillo e préndeo.

LOURENZO: Pero tú eres mucho más guapa. Onde va parar.

RAQUEL: Estamos recibiendo muchas demandas para ese empleo. Vamos ver. Es un contrato temporal discontinuo, por seis meses, renovable, en una sala de despiece animal: cárnica Amancio. Cuatro horas al día cuatro días a la semana, de lunes a jueves, con dedicación exclusiva. En la práctica viene siendo un

horario laboral de ocho de la mañana a ocho de la noche, de lunes a viernes, y más disponibilidad domingo.

LOURENZO: Ah. Está muy bien. Si, si me interesa.

RAQUEL: Se pagan seiscientos un euros y un céntimo. Vienen siendo cien mil pesetas brutas al mes. Pero netos cobrará para usted cuatrocientos cincuenta coma setenta y cinco euros, o sea ochenta mil. Recuerde que somos una empresa de trabajo temporal. Cobramos una pequeña comisión por el servicio de intermediación que prestamos. En el fondo, claro, estamos haciéndoos un favor, hay gente de sobra para este puesto...

LOURENZO: ¿Seguridad Social incluida?

RAQUEL: ¿Hablas en serio?

Queda un segundiño no aire o Vals do Emperador mentres Raquel remexe nos papeis e teclea cifras con eficiente indiferencia antes de devolver o silencio cun chasquido dos dedos.

primeira primeira primeira primeira primeira

Explosión de máquinas en Cárnicas Chicho. Ruido infernal. Prohibido fumar presidindo. O carteliño.

Tempos modernos: cortar, picar, ensacar, atar, cortar, picar, ensacar, atar, aburramento, ristras de chourizos etéreamente itinerantes.

Vacas e porcos morrendo a berros.

Pedro canta The Man in Me, Bob Dylan, bebe de cando en vez dunha petaca que saca do peto. Con elegancia remata restras interminables. Lourenzo fala só e mira suorento a Pedro cantando.

A Pedro e ás envidiadas restras de chourizos.

Cortar, picar, ensacar, atar, cortar, picar, ensacar, atar, aburramento, ristras de chourizos etéreamente itinerantes.

Pedro canta, Lourenzo fala só e mira farto a Pedro cantando.

Todo unha e outra vez. Tempos modernos.

PEDRO: Vou casar.

LOURENZO: Eu con quince anos xa sabía o que é un condón.

Pedro mírao, Lourenzo segue traballando.

PEDRO: Quéreme. E eu quéroa.

LOURENZO: Iso que ten que ver.

PEDRO: É o normal. Aproveitando que me van renovar o contrato. É un bo momento.

LOURENZO: É o normal. E ó carallo. Nunca te plantexaches que podes ser algo limitado, un chisquiño. *Saca un pitillo, prénsao, vaino prender.*

PEDRO: ¡Ei! Non se pode...

LOURENZO: ¿Vasme dicir o que podo facer ou non? A min non me fales así.

PEDRO: Perdoa. Escapóuseme. Ti estás casado. *Lourenzo deixa o pitillo sentado na orella e mira o reló.*

LOURENZO: ¿Nótaseme moito?

PEDRO: ¿E tan mal che vai?

LOURENZO: Nin peor nin mellor que a ninguén. O matrimonio nunca vai mal. Está mal.

PEDRO: ¿Por que? Vives coa persoa que queres.

Lourenzo sorrí sarcástico.

PEDRO: Se é tan malo. ¿por qué casaches?

LOURENZO: Porque era o que tocaba facer.

PEDRO: Visto así.

Pedro volve poñer os cascos. Chourizos como chourizos, ritmo frenético.

LOURENZO: Noraboa, mamón. *Pedro saca os cascos.*

PEDRO: ¿Que?

LOURENZO: *Berrando.* Noraboa

PEDRO: Gracias.

Pedro volve poñer os cascos canta outra canción que non se escoita entre o estrondo das máquinas e os berridos de porcos e vacas cadavereando.

segunda segunda segunda segunda segunda

Prohibido fumar, o de sempre, carteliño.

Soa unha serea. Lourenzo descalzo comendo. É a hora do descanso. Dálle por falar a un saco. De fondo escóitase unha guitarra incansable que busca. É Pedro.

LOURENZO: ¡Perdón! Qué perdón nin que... Se para ti nen sequera teño nome. Pois empecei Dereito, coma ti. Pero ó sair do trullo empecei a parar de estudar. Aínda así fixen dous anos maravillosos, un carreirón. Por cinco putas placas. Delito contra a saúde pública. Empecei a chapar Dereito para saber que carallo era iso. Delito contra a saúde pública. *Prende un pitillo liado que leva posto na orella.* Non aprobei máis que un par de asignaturas, pero tiña a cabeza ocupada en non pensar animaladas. É acojonante. Pero aínda así, ¿non se me ve traballar como un ilustre cuasidiplomado? Ti non te percatas do sublime dos meus pensamentos entre a graxa, as vísceras, o sangue. Dispoño da axuda inestimable dunha sólida formación académica. Me cago en... Menos mal que xa mandei ó carallo todo iso. ¿Isto viña?

Nunca darei entendido como é posible que todo dios vexa normal que calquera, por ser sobriña do xefe coma ti, xa pode dirixir. Con esa pinta de cachonda negada que tes por moito máster do universo que digan que fixeras. Que dependa de ti que eu siga neste chollo.

Comeza a escoitarse a guitarra de Pedro.

Cando explicará alguén como é posible que un mundo que funciona así siga funcionando. A teoría do caos. A min escápaseme.

Aínda así, ata hai nada era feliz. Antes de saber que non ías renovarme. Teño traballo, oitentamil ó mes, de oito a oito, doce horas. ¿Moito tempo? Non. Temos dous descansos. A expensas do ritmo productivo da factoría. Non sei que che conto disto porque foches ti quen o organizou así. Co vello, co teu tío o chalado, o descanso do bocata era intocable polo que contan. Ademais teño outro

traballo nocturno, ilegal. Pero aínda así... Vivo como se pode vivir. Todos fan o mesmo, algo de razón terán. Pero non me coñezo.

A guitarra de Pedro busca un acorde

Non me coñezo. E sei que o que sinto agora é o que sempre sentín. Por moito que faga, o único que teño metido nas tripas é que estou farto. Farto do fillo, farto da muller, farto do chollo. Ata o carallo. Pero ata o carallo de verdade. Non que se me hinchen os huevos un día e tal, non, falo de algo permanente. Un pesadelo. Engaioláronme. Engaioleime. Coa merda de cubrir etapas, coa merda de plantar unha arbre, ter un fillo, escribir un libro. Tíñao todo tan matinado, ó milímetro.

A guitarra detense. Pedro come, ou fuma.

Pero mira ti. Non teño instinto paternal, nin laboral, nin marital, nin de empresa, nin hostias de La Habana. O único que teño é instinto. Preferiría ter plantado o libro, ser aínda máis ignorante. Escribir o fillo, pobre Tito, que non fose máis que outro rolo na cabeza. Plantar o libro, escribir o fillo. E ter unha arbre. ¡Claro! Unha arbre. Un xardín, estar alí estomballado. Normal.

Que cojones falas, Lourenzo. ¿Como pode terse unha vida normal, ou fillos normales, unha muller normal, algo normal, calquera cousa, estando aquí secuestrado doce horas ó día?

Comeza a oirse de novo a guitarra.

Doce horas cortando mortos, cortando mortos, cortando mortos... Hai que joderse. Cando carallo vou facer por vivir e non por deixarme ir matando como unha vaca. Exacto. Como unha vaca na cola do matadoiro. *Escoita un anaquiño da guitarra. Apaga o pitillo e ponse a comer ceros de millo.* O cabrón de Pedro polo menos ten a guitarra. E o contrato. O contrato, estou enganchado.

Soa a serea, para a guitarra, Lourenzo mira o petardo, sorpréndese do pouco que lle deu tempo a fumar, confirma o afumado presaxio no reló dixital.

Non van nin vinte minutos, mira que sodes putas. Témolo moi crudo. Os dous, nena. Moi crudo como isto siga así. Estás analizando a situación. Tómate tempo, claro. Seguro que nunca pensaches verte nestas: un currito concienciado, nin siquiera, un neoesclavo a tempo parcial por obra ou servicio determinado concienciado, relativamente, dicíndoche as cousas na cara e ti metida nun saco. Nunca criches sequera que se lle puidera pasar a ninguén pola cabeza. Pero todo chega. Ademais, non teño nada que perder. ¿Que me mate? ¿Por que? ¿Porque non me coñezo?.

Soa a segunda serea de fin de descanso. Ponse a recoller a petaquiña, o kit básico do fumador, o bocata sen acabar, sen erguerse, vístese.

Xa. A ti iso tanto che ten. Umano Trabajo Temporal mandaría inmediatamente outro par de brazos, probablemente máis productivos e polo mesmo precio. Pero é que, verás, de ti tamén pouco sei: apenas que es a sobriña do vello. Quen pon en perigo que eu poda meter cartos na casa a fin de mes. Non che sei nin o nome. ¿Por qué nos costa máis desfacernos das cousas se teñen nome. Tito, meu fillo, teño ganas de esganalo todos os días, pero... Beatriz, miña muller. A ela non lle batín nunca aínda que gañas non me faltan. E eu, Lourenzo. Lourenzo Loureiro Leiro. A min si. A min pégame de hostias a diario aquí dentro. Non me coñezo. E ti. A ti coñezote aínda menos que a min. Contigo será máis doado. Ademais, estou afeito. Gracias á túa xenerosidade propecta impulsora de iniciativa privada de carácter alimentario, ¡toma!. Agárrote polo pescozo, ¡chas!, corte limpo e acabouse.

Soa a segunda serea. Pedro asoma a cabeza, non pode abrir a porta, ule o arrecendiño doce do fume.

PEDRO: Estás aí?

Lourenzo apaga o petardo con urxencia e sae cara a el.

LOURENZO: ¿Que pasa?

PEDRO: Entrou carne. ¿Non oíches a serea?

LOURENZO: Non.

PEDRO: Anda buscándote Sindo. O encargado.

LOURENZO: Xa vou.

PEDRO: ¿Que facías?

LOURENZO: Nada.

terceira terceira terceira terceira terceira

Alguén canta debaixo dun grifo de ducha. De lonxe rumores de xente, algún vehículo, un teléfono que soa nun departamento contiguo. O vestiario, cambiándose para marchar, Lourenzo fuma.

LOURENZO: Necesito un máis, Pedro non pode quedar, un hostión é o que necesita ese mamón de Sindo.

Entra Pedro cos cascos postos, cantando.

LOURENZO: ¿Sabes unha cousa? *Pedro apaga os cascos.* ¿Sabes unha cousa? A min no me jodedes ti con esa cara de pelotas e o imbécil de Sindo co seu rolo da produtividade. Se ti non quedas, vas onda el e dislle que poña el as botas e que electrocute el as vacas. A min nesas non me colledes.

PEDRO: Eu quedaba pero teño que ir os cursiños prematrimoniais da parroquia, en serio.

LOURENZO: Pois eu teño un cursiño de rascarme as pelotas no sofá inexcusable, en serio. Ademais vou ver un documental de bichos para compensar a fondísima dor ecolóxica que me produce este chollo.

PEDRO: Eu non podo.

LOURENZO: A min que me contas.

PEDRO: Se puidera quedaba pero hoxe non podo.

LOURENZO: Hai que joderse, casa polo civil.

PEDRO: Tanto che custa quedar un día...

LOURENZO: ¡Que non!. É o mais noxento do mundo. As vacas ata sorrín cando lle pos os electrodos na cachola, e empurran unhas polas outras como se tiveran medo de que fenosa fose cortar o suministro. Iso non o trago. Tardas tres días en quitarte da napia o cheiro a carne queimada. Xúrocho: nunca na miña puta vida vou volver facer iso.

Fai o aquel de saír pola porta da rúa

PEDRO: Xa sabes que eu quedaba, pero non podo, xa che cubrirei eu noutra.

LOURENZO: E a min que carallo me importa, búscate a vida.

PEDRO: Faime o favor.

LOURENZO: Faime o favor qué..

PEDRO: Vale. Quedo eu.

LOURENZO: Pois claro que quedas ti, por algo tes contactos.

PEDRO: ¿Que dis?, home.

LOURENZO: Que ti non ma das. Sorrís ó encargado, falaslle da túa primaña da ETT, Raquel, e tragas co que te boten. ¡A min non me joden co de axudar nos apuros así pola cara!

PEDRO: Son horas extras.

LOURENZO: ¿Si?

PEDRO: Pois si.

LOURENZO: Vai tomar polo cú, ¿quen cho dixo?

PEDRO: Ninguén, non é primeira vez que as cobro. Ademais págannas aparte.

LOURENZO: ¿Págannas a maiores?, espabilado.

PEDRO: Pois si.

LOURENZO: ¿Si?

PEDRO: Pois si. En negro. No día. Dúas mil hora. A min xa me avisaron outras veces.

LOURENZO: ¿Dúas mil hora?

PEDRO: Si.

LOURENZO: Puto enchufado.

PEDRO: Si. Chamo á moza e acabouse o conto. Dille a Sindo que non tardo nada, vou avisar.

LOURENZO: Veña. Hoxe quédoche eu.

PEDRO: Gracias.

LOURENZO: De nada

Os espectadores dun concerto de Clapton estalan nunha ovación que nos introduce no tema:

Before You Accuse Me (Take A Look At Yourself).

cuarta cuarta cuarta cuarta cuarta cuarta cuarta

Luz escasa de local nocturno: baixo de casa baixa, lugar baixo, bairro baixo de cidade baixa: o Manhattan, templo afumado da casualidade.

*Mans Lentas segue tocando **Before You Accuse Me**, antes de acusarme bótate un vistazo, Pedro fuma apoiado na barra, recolle a mochila do chan, leva a guitarra na outra man, intenta pagar ó camareiro, Cholo, que está colocando unhas caixas ó fondo da barra.*

PEDRO: Por favor, ¿pode cobrarme aquí? *Fuma, bebe, abanea o billete de cinco mil no aire como unha bandeirola. Cholo, embutido na súa merengue camiseta, coloca caixas de cervexa. Pedro volve deixar a mochila e a guitarra no chan. Cando teña un momentinho, por favor, me cobra aquí.*

Cabréase, bota unha ollada ó local, ve entrar a Lourenzo, agóchase na barra como pode, dándolle as costas.

LOURENZO: Unha Estrella, Cholo. Sin prisa, non te vaias herniar. Canto menos fas, mais cansa mirarte meu. Se te poñen dúas horas no meu chollo teñen que sacarte nunha uvi móbil. Con respiración asistida. *Descubre a Pedro na barra. Pois hoxe traguei quince horas, si señor, quince, as doce de reglamento, polo carallo arriba, e tres extras. Sesenta vacas caeron hoxe. Cubrindo a un paspán que vai os cursiños prematrimoniais da parroquia. Agora ata para casar hai que ter título. Fai sinais a Cholo de que non interveña na conversación. Eu casei sen tanto paripé e ninguén protestou. ¡Houbo aplausos! E a miña sogra chorou cando dixen si quiero. Coa emoción, supoño. A Pedro. ¿Tes lume?*

O roxo pásalle o mecheiro sen volverse

LOURENZO: ¿E un pitillo?

Pedro non ten máis remedio que volverse.

LOURENZO: Es ti. ¿E ti por aquí?.

PEDRO: Pois nada, estaba esperando un colega que ten que traerme un encargo, pero vese que non....

LOURENZO: ¿Algo para a voda?

PEDRO: Non, aínda falta...

LOURENZO: ¿Non tiñas cursiño hoxe?

PEDRO: Si, pero non puiden ir. Lieime, e despois xa. *A Choliño, que nin caso.* Cóbreme aquí, por favor.

LOURENZO: Aquí pago eu, favor con favor se paga. Polo das horas extras.

PEDRO: Gracias.

LOURENZO: Nada.

PEDRO: Pois marcho xa, ata logo.

LOURENZO: Toma outra.

PEDRO: Vou ver se atopo o tipo es... Outro día, gracias.

LOURENZO: Nada home, nada.

PEDRO: Xa nos veremos.

LOURENZO: Seguro.

PEDRO: Si. Eu marcho. Ata logo.

Pedro sae. Ten que abandonar o seu pitillo liado no cinceiro antes de irse. Lourenzo cólleo e comproba que é un peta mentres Pedro sae.

LOURENZO: Mira unha cousa. ¿Ves para joderme?, xa sabes, para chivarte logo no choio, ou a túa primiña da ETT.

PEDRO: Non, para nada, nin de coña... Eu cain aquí de casualidade, xa che digo, un colega quedou díxome que recollera aquí un encargo e eu aparecín, pero el tarda en chegar e eu teño que marchar, espérame para cear, a moza, pero só viña por iso...

LOURENZO: ¿Canto queres?

PEDRO: ¿Ti tes?

LOURENZO: Non o sei.

PEDRO: Non sei. ¿Dous? Se hai...

LOURENZO: Cinco. Téñoo cortado así.

PEDRO: Si esta ben...

LOURENZO: Mellor que ese que estás fumando ti.

PEDRO: ¿Si?

LOURENZO: Xa mo dirás mañán no choio. Con esa cara de pimpín... ¿Como caiches aquí?

PEDRO: Falloume un tipo que normalmente me suministra...

LOURENZO: Drogándote.

PEDRO: ¿Ti non fumas?

LOURENZO: Claro que si.

Pedro queda co peta. Esmorece a luz e sube a música, Eric e a súa guitarra que se van morrendo ata o derradeiro aplauso entre nubes de fume.

quinta quinta quinta quinta quinta quinta quinta

No almacén. Lourenzo coloca caixas para ter respaldo. Pedro busca incansablemente na guitarra.

LOURENZO: Para un pouquiño, home.

Lourenzo ofrécelle un chupito da súa petaca. Pedro pásalle o pitillo liado pero Lourenzo rexéitao.

Estalle dando a un cigarrillo pequenos golpes polo lado do filtro contra a man. Así prensa o tabaco.

LOURENZO: ¿Que fas? Abúrresme. Xa tiña gañas de decircho. Todos os putos descansos coa puta guitarriña de puto fondo. Abúrresme.

PEDRO: ¿Qué queres que faga?

LOURENZO: Non fagas nada, fala. *Polo pitillo, especialmente valdeiro.* Mira. Sempre igual. Polo menos o dez por cento do que fumamos é aire. A xente fuma sen ter en conta isto. ¿Ti canto fumas?

PEDRO: Un paquete ó día.

LOURENZO: Falso. Fumas o tabaco de 18 pitillos. ¿E cantas veces pensaches en fumar menos?

PEDRO: Moitas. Non sei, centos.

LOURENZO: Pois xa o estás facendo. ¿Daste conta? Sempre é outra cousa. Non o que nos fan crer. E sabémolo, ou deberíamos sabelo, pero engánanos igual. Porque nós queremos deixarnos enganar. É máis cómodo. Tanto, que hai xentiña que, non sei, por darlle a razón ás estadísticas supoño, agarra un cancro de pulmón se repiten moitas veces na tele que é algo ligado ós nosos novos hábitos sociais. ¿Escoitaches algunha vez unha mamonada maior?.

PEDRO: Non.

LOURENZO: Por iso fago isto sempre. Mira aí, na punta: aire, vacío. Hai menos tabaco do que collería no pitillo. Quéimoa e fumo menos papel. *Quéimaa, efectivamente.* Un dez por cento exactamente.

PEDRO: Iso é unha estupidez.

LOURENZO: ¿Unha estupidez?. Pagas trescentas cincuenta pelas polo tabaco de 18 pitillos que tragaches crendo que son vinte. ¿Enténdelo así?, mamalón. ¿Sigue

parecédoche unha estupidez? Bota conta dos pitillos fantasmas que pagas no ano.

PEDRO: Non sei... ¿Catrocentos?

LOURENZO: Dous por día. O ano ten trescentos sesenta e cinco.

PEDRO: Trescentos sesenta e cinco por dous, ¿non?

LOURENZO: Aí está, aproveitando o graduado escolar. Setecentos trinta pitillos que pagas cada ano e nunca chegas ver diante. ¿E que fas?. ¿Móntaslle unha bronca á estanqueira? Mire, señora, que resulta que observo que os pitillos que me vende teñen un dez por cento menos de tabaco do que deberan. ¿Sabe do que lle falo?. E a tipa nin mu, mirando para ti con cara de alucine.

PEDRO: Claro, pídolle sempre papel de fumar ademáis do tabaco e a señora xa está de volta...

LOURENZO: Pero é que non, non pode ser. ¿Imaxínaste á tipa sacándolle a cada caixa de pitos o precinto e o testigo...

PEDRO: ¿O testigo?

LOURENZO: O plástiquiño. Extraendo de cada un dos pitillos o dez por cento do tabaco e reenvasándoo todo. Non. ¿E que fas, Pedro?. ¿Pideslle unha folla de reclamacións?

PEDRO: Se teñen.

LOURENZO: ¿Nun estanco? Como moitísimo podes ir á oficina do consumidor e denuncias que os pitillos que están vendendo en todo o mundo, porque este é un problema a nivel mundial, levan aproximadamente un dez por cento de tabaco menos do que o papel do pitillo podería conter. Vas ver que cara che poñen.

PEDRO: Deberíamos. Ir alí e montar un pifostio.

LOURENZO: Vai ti. Eu de ir, ía á Seguridade Social e queimabaa, porque logo eses vanme botar a min a culpa do pateiro que se me meta no peito, cando é sabido, o cloro do papel é máis canceríxeno que todo o tabaco do pitillo xunto, flipa. Non, joder, non fas nada. Calas, fumas, cágaste nas tabaqueiras e se hai material faste un petardo que leva un dez por cento menos do tabaco que debera levar. E así todo. Teñen tan estudiada a historia, que nunca abrimos a boca. Porque pensamos que ninguén máis se parou a pensar na putada que nos están facendo.

PEDRO: Tío, como falas, eh.

LOURENZO: Tío, como falas, eh. Tío, como falas, eh. Pareceche que podemos manter un diálogo esclarecedor con frases da categoría de tío, como falas. ¡Espabila! Ese dez por cento é o paradigma da nosa vida en sociedade, a esencia conceptual mesma da nosa existencia, a nai de todas as metáforas.

Colle a guitarra e toca unhas notas. Lourenzo mírao calado, fumando do petardo que Pedro acaba de pasarlle, bota fume.

LOURENZO: A nai de todas as metáforas. Aí está. Ti ó teu.

sexta sexta sexta sexta sexta sexta sexta sexta

Na porta da fábrica, diante dun poste anuncio da empresa cárnica. Noite pecha, frío. Pedro lía un pitillo mentres espera ó autobús. Chega Lourenzo, abafado, contento tamén, fala cun compañeiro que entra.

LOURENZO: ¡Que, pimpín! Ata logo, mona. ¡Polo cú vas tomar ti que vas para dentro!. ¿E ti? Non podías esperar un minutíño máis a que acabara de cambiarme.

PEDRO: Pensei que perdía o bus.

LOURENZO: Pensei que perdía o bus, pensei que perdía o bus, imbécil.

PEDRO: Perdoa, home. Vin para liar o pitillo tranquilo.

LOURENZO: ¿Dende cando fumas ti tabaco picado?

PEDRO: Dende hoxe. A min non me volven tomar o pelo. *Lourenzo cóllete o pitillo recién liado, préndeo.*

PEDRO: É suave, fúmase ben.

LOURENZO: ¿Qué é isto?

PEDRO: Golden Virginia. Está chulo o paquete, ¿que non?

LOURENZO: ¿Como se chama?

PEDRO: Golden Virginia.

LOURENZO: Golden Virginia lles ai don nou fuquin xi. Unha puta merda. *Devólvelle o pitillo.¿Chamáronte para firmar a renovación?*

PEDRO: ¿A ti non?

Lourenzo di que non coa cabeza. Escóitase o ruído dun deportivo que sae da fábrica e para diante deles.

LOURENZO: Aí a vai. Nun descapotable a cabrona.

PEDRO: ¿Quen é?

LOURENZO: A sobriña do chalado. A nosa queridísima xefa.

PEDRO: ¿Como se chama?

LOURENZO: Non o sei nin quero sabelo.

PEDRO: Que preciosidade de muller

LOURENZO: Si, unha marabilla.

PEDRO: Unha muller así había que colocala nunha vitrina e botar o día mirando para ela. Podería ser a nai dos meus fillos.

LOURENZO: Claro que si, metémola nun saco, encerrámola no almacén, amarrámoslle unha pata a cada columna e e ti botas o día mirando para ela, e eu, mentres, a facerlle fillos, un detrás do outro, por todos os buratos. *Arranca o coche e pasa diante deles.* ¡Sorra! ¡Rapto! ¡Que romántico! Secuestro con intencións deshonestas ou fin sexuais. Como tal concepto non está tipificado no Código Penal. Iso é. Había que raptala.

PEDRO: ¿Raptala?

LOURENZO: Claro que si. E se se pon parva, facémola chourizos e non se entera nin Dios.

sétima sétima sétima sétima sétima sétima

Don Amancio, con chisteira e frac, o porco de pé subido a unha pila de caixas de carne, bota un discurso ós traballadores organizados en ringleiras e columnas no patio da empresa. Chove, é cedo, vai frío, a súa sobriña chega no deportivo. Lourenzo fuma un sospeitoso pitillo mentres

Pedro atende ó discurso

DON AMANCIO: Compañeiros, aínda nestes momentos duros nos que a empresa ignora, desprezia e arrincona ó seu guía, ó seu líder natural, quero que non deixedes de recordar, todos e cada un dos días nos que entrades a gratificar á firma co voso traballo que nacichedes libres, e libres sodes. Nada debedes a ninguén. Berrade comigo, ¡Abaixo a explotación do home polo home!. ¡No pasarán!. O voso esforzo é un favor que facedes a eses porcos capitalistas decadentes. Non o esquezades. Son unha clase fracasada, non o dubidedes. Non teñades medo. Queimade as súas fabricas, os seus bancos. Eu asegúrovos que das súas cinzas xurdirá un novo mañán no que os parias da terra seredes os brazos, o corazón, e a mente dunha nova fraternidade de todos os traballadores do mundo.

A SOBRINIÑA: Tío, baixe de aí.

DON AMANCIO: Cala, explotadora. Ponme a cinta, posibilista. Aí, no play.

A SOBRINIÑA: Don Amancio. Non me faga isto.

DON AMANCIO: Sicaria de merda. Por unha vez na túa vida comportate coma un home libre e pon a cinta. ¡No pasarán!, compañeiros. ¡Empecemos aquí e agora a revolución do proletariado!. Pon a cinta, adepta do capitalismo, sectaria integrista do estado de malestar, ¡proxecto de triunfadora!

A SOBRINIÑA: Póñolle a cinta se remata dunha vez.

Soa a música de fondo da internacional, Don Amancio canta “Arriba os pobres do mundo”.

DON AMANCIO: ¡Erguede os puños, compañeiros! ¡Preme aí!

Pedro ergue o puño e canta. Lourenzo mándao calar.

A SOBRINIÑA: ¿Contento?

DON AMANCIO: Cala, sátrapa. ¡A loita continúa! Esquirola, sicaria, trepa, acaparadora, sátrapa.

Don Amancio pérdese en satrapía polos altos da fábrica, desvítese

A SOBRIÑA: Póñase a camisa tío...

DON AMANCIO: ¡Sátrapa!

A SOBRIÑA: ¡Don Amancio! E vós qué mirades. ¡A traballar! *Lourenzo faille unha discreta figa.* ¡Sindo!

SINDO: Zi, zefa.

A SOBRIÑA: Vai ti por ese lado.

SINDO: Zi, zi, za vou. *A sobriña preme o stop e acabouse a internacional.*

DON AMANCIO: ¡No pasarán, compañeiros! ¡Cantade! *Algún currito o secunda por joder, Pedro duda se cantar pero cala cando ve a cara de Lourenzo, serio contemplando a desfeita.*

¡Sátrapaaaaaaa!

Don Amancio berra ata esvaeecer na palabra e no himno, que tamén esvaece. Lourenzo e Pedro entran na fábrica dispostos para facer preparado para chourizos galegos.

LOURENZO: Faino por joder. Ti non te das conta. E a cabrona da sobriña deixándoo falar.

PEDRO: Ten Alzheimer, ¿sabes o que é iso? Unha fumada de tres pares de huevos. Permanente.

LOURENZO: Terá o que queiras pero a min dame que o fai para joder. É que xa é moito todos os días co mesmo. Claro, se o fai el a nós xa nin se nos ocorre. Pensaría tododios que estábamos chalados.

PEDRO: É simpático, sobre todo cando lle da por, ¿como o chama el?, o de poñerse en pelotas a pasear pola fábrica.

LOURENZO: Nudismo libertario.

PEDRO: Ten coña.

LOURENZO: Si, mogollón, o día menos pensado córtolle o rabo. Polo carallo se acordaba dos pobres do mundo cando dirixía isto.

PEDRO: Iso do Alzheimer ha de ser como facerse neno ós pouquiños, vivir ó revés. E que bonitísima é a sobriña.

LOURENZO: O que ten Alzheimer es ti.

PEDRO: ¿É certo que foi dos maquis?.

LOURENZO: ¿O vello? Iso din. Pero tanto non creo. Sería roxo clarito como moito. Ademáis, os roxos que quedaron vivos a base de lamber o cú do cabo de garda, acabaron todos facendo o mesmo. ¿Átasma aquí? Moito conto de pasado na defensa dos traballadores, e logo a ser un fillo de puta con libros de Marx no salón, e visitas a Cuba, o paraíso socialista real. Como me hinche un pouquiño mais as pelotas, un día destes vai no recheo dos chourizos por moito Alzheimer que teña. E con el a nosa queridísima xefa.

PEDRO: Cala a boca.

LOURENZO: Non me da a gana de calar a boca. Ela por andar contratando por Etetés.

Pedro dispónse para empezar a traballar. Lourenzo párao.

LOURENZO: ¿Que fas? ¿Que hora tes?

PEDRO: Menos cinco.

LOURENZO: Menos cinco, ¿non? Perfecto. ¿E a que hora entras a traballar?

PEDRO: Ás en punto.

LOURENZO: ¿Páganche estes cinco minutos? Non. Pois está quieto.

Lourenzo senta na mesa de traballo e prensa un pitillo.

PEDRO: ¿Sabes? Ándame na cabeza unha historia...

LOURENZO: Unha nova política de redución de costes. Fala coa xefa.

PEDRO: Si, vou falar con ela, pero antes ¿déixasme que che conte algo importante?

LOURENZO: ¡Non! Véuche á cabeza unha innovadora política de reparto de cargas estruturais: traballo temporal universalizado. Para todos. ¡Movilidade laboral! ¡É precisa! Agora máis que nunca, a mobilidade laboral, ese esforzo solidario abranguendo a todo o espectro productivo do país, non só ós traballadores.

Soa a serea. Lourenzo vai prender o pitillo e Pedro chámalle a atención. Estanos mirando dende arriba.. Lourenzo saúda.

LOURENZO: A cousa consiste en coller ó empresario, no noso caso á nosa queridísima xefa, metela nun saco con laziño e todo, e enviala por servicio urxente a Alta Gestión Trabajo Temporal, trabajamos más.

PEDRO: Bueno... ¿Atasme aquí?

LOURENZO: ¿Non? Se cadra...

PEDRO: Non apretes tanto.

LOURENZO: ¡Que tío! ¿Así? Se cadra ocorréuseche algo aínda mellor: diversificar, como fas ti habitualmente, un día rómpesme a cabeza coa guitarra, outro día con estas chuminadas... Diversificar pero noutro plan. Non entendes do que falo, claro. Diversificar, en plan bestia. A ver que che parece esta visión, pura macroeconomía. Unha perna de empresaria, a dereita, para Emprex. Cuando el trabajo temporal se hace pensando en sus objetivos. A outra, para Adecco.

PEDRO: Ela é diferente.

LOURENZO: Si señor, pois un brazo para People, nuestra diferencia está en las personas. E o outro, mira, o dereito, moi propio, para o servicio galego de colocación; a muller de non sei que conselleiro deixouno tirado e el non sabe cascala ben, necesitan man de obra especializada. E a cabeciña, co deeneí e mailo cif na boca enviamola ó inem para que cobre o subsidio polas horas de paro do cerebro. ¿Acojona eh?

PEDRO: ¿E isto a que viña?

LOURENZO: Viña a que é o camiño polo que imos. Para que cres ti que vai servir a enxeñería xenética. ¡Así vai todo! Pero é que claro, a ver, ignorante, ¿ti canto cobras?

PEDRO: Oitenta mil.

LOURENZO: ¿Oitentamil? ¿E cantas horas fas?

PEDRO: Doce como todo cristo. Coma ti.

LOURENZO: Limitate a contestarme. Sen facer comentarios nin comparacións.

PEDRO: Estábache querendo contar algo importante.

LOURENZO: ¡Oitenta mil pesetas! Iso si que é importante. Ti traballas por esa merda.

PEDRO: A verdade é que sí.

LOURENZO: ¿Ela traballa?

PEDRO: ¿Quen?

LOURENZO: A futura esposa.

PEDRO: Claro. Diso quería falarche. Ela si, pero...

LOURENZO: Sodes como mulas. Así está a cousa. Tragades co que vos boten. Doce horas o día, bota contas, son sesenta horas a semana se non curras sábado, cousa rara. Duascentas cuarenta horas ó mes. Venche saíndo a hora a duascentas escasísimas pesetas, un euro e pico escaso. Duascentas pelas. Non tes nin para unha Big King simple. Cando penso en algo simple, a máis simple das cousas simples, vénme sempre á cabeza unha Big King. ¡Simple! Inevitable. Duascentas pelas a hora. Sen queixo. Nin ketchup siquiera.

PEDRO: Manda carallo Lourenzo.

LOURENZO: ¡Como vos explotan!. ¿Paréceche normal a vosa situación?

PEDRO: Home, normal é.

LOURENZO: Será normal pero é unha putada. E o cabrón do vello usurpando as vosas medidas de protesta básicas. Dando discursos. Só queda unha solución: universalización do secuestro laboral legal por obra ou servicio determinado a tempo parcial, e reparto proporcional de plusvalías. Liberalismo keynesiano radical. Medidas desesperadas para situacións desesperadas. Keynesiano, mola.

Pedro mírao flipado. Linno no periódico.

PEDRO: Oe, ¿e logo ti canto cobras?.

LOURENZO: ¿Eu? Oitentamil.

PEDRO: ¿Estás parvo polos petas ou es normalmente así?

LOURENZO: Outro mais. Non se pode abrir a boca. Non se pode decir nada. En canto abro a boca bótanseme enriba. Matemático. Pero que dis, Lourenzo, que dis. E eu digo as cousas por mal.

PEDRO: ¿Pero de que me estás falando?

LOURENZO: Deixei preñada á muda.

PEDRO: ¿Á muller? ¿A Beatriz?

LOURENZO: Non, á do veciño. E ela empeñada en que non quere abortar. *Ponse a repoñer caixas.*

PEDRO: Agora se estás dentro da lei podes facelo.

LOURENZO: E se non sempre podes inventar algo: denuncias unha violación, que cha meteu un moro, ou pídéslle ó medico que che firme que o rapaz vai sair parvo. Iso non é mentir, calquera rapaz que nace agora ten tódolos boletos para ser parvo do cú; se, como din, apréndese do que se ve, xa me dirás, asunto arranxado, un par de horas de televisión ó día en cumplies a norma.

PEDRO: E se polo legal se complica, aforras uns cartiños e vas a unha privada. Habendo necesidade, eu compréndoo. Nalgúns casos, claro. Porque despois sempre hai quen abusa, por vicio, ¿sabes?

LOURENZO: *Mientras recolle as caixas e as cambia.* Certo. Sempre tan oportuna a iniciativa privada, salvadora do estado de benestar.

PEDRO: Hai un lote delas, no barrio temos unha. Unha clínica, quero decir.

LOURENZO: Si. A nai dun rapaz que é amigo do meu, que anda todo o santo día berrando game over, game over, game over, como nas maquinitas, ¿sabes?, ¿cando se acaba a partida?, foi a unha. Ela, a nai do gameover. Foi alí e arregláronlle o asunto en menos de nada. Porque xa tiña o antecedente do outro fillo, que é un paranoico. Fixéronlle mercar un can porque, mira ti, sei que é bon falar cos cans. *Pedro recolle unha caixa. Lourenzo aproveita para prender o pitillo.* Tobi chámase. O can, o rapaz non sei como se chama. Eu chámoo Gameover. Para min que cada día está peor, paranoico perdido. O rapaz, digo. Anda a voltas con que se acaba o mundo. Gameover, gameover, anda berrando, ¡seguido!. Gameover, como nas maquinitas, ¿non sabes?, cando remata a partida...

PEDRO: Xa mo dixeches. Apaga iso.

LOURENZO: Pois ela, a nai do gameover, foi despois de comer, e pola noite vinna eu en camisón facendo a cea, acojonante. *Pedro ri.* Non somos todos iguais, Pedriño.

PEDRO: Apaga iso.

LOURENZO: Non, ho. Vanme botar de todas todas.

PEDRO: Aínda non o sabes. *Saca a petaca e bebe.*

LOURENZO: Non sexas inxenuo, Pedro. Cantos chollos tiveches que che durasen máis de seis meses. O de que a ti che renoven é un milagro gracias á intercesión trifásica e divina da túa primaña Raquel ETT.

PEDRO: Bueno, o caso é que a muller non quere, que non, que non, e que non. ¿Non?

LOURENZO: Non. Na vida. Aínda que quedes no paro, pasamos fame antes que facer iso. Díxomo así tal cual. Parecía Escarlata O'Hara.

PEDRO: As nais son así, ata os bichos máis cativos son quen de deixarse matar por salvar as crías. Pero iso tamén é bonito.

LOURENZO: Ben se ve que non tes fillos. ¿Sabes? Ata me recordou que estamos casados pola igrexa

PEDRO: Home, é un compromiso, ¿non?

LOURENZO: ¡Pero se eu non quería! ¡E a miña muller tampouco! Foron os sogros.

PEDRO: Pero ti aceptaches. Foches alí e dixeches: si, quiero. Diante do cura, ¿non?

LOURENZO: ¿E?

PEDRO: ¡Ah! Estiveras calado.

LOURENZO: Pero se non pisara unha igrexa dende a primeira comunión. Bueno, algún bautizo, voda, ¡e sempre quedo na porta! ¡Ai!, e na miña confirmación. Miña nai, pobre, era unha beata... Cantos sustos lle dei. Dous anos de novenas e santísimos rosarios tragou por min. Ti anda con ollo. Isto é como fumar. Ó primeiro vas metendo fume, é molesto pero ti trágalo, vas metendo fume, metendo fume, porque tododios o mete. E tragas, con esforzo, pero tragas. Ata que un día sen decatarte tes o fume no peito e estás falando a un tempo, tranquilamente, con toda esa merda dentro. Aí jodíchela, xa estás pillado. Enganchado. Pois é todo así. Se casas acabas parindo. Normal. ¿Por que? ¡Ah!

PEDRO: Home, non che digo que non queira. A taxa de natalidade é un desastre e eu creo que hai que colaborar, pero un é libre de facer o que queira.

LOURENZO: ¿Libre?

PEDRO: Apaga anda... Vanche ver.

LOURENZO: Tamén eu era libre co da voda. Pero ó final entrei polo aro. E se fose nada máis que o cura aínda tiña un pase, pero logo hai que pensar no coche, os traxes, arranxar a igrexa...

PEDRO: E o banquete, as invitacións, as fotos, o vídeo.

LOURENZO: O dos vídeos de voda é... ¿Por qué carallo acaban por facerse esas cousas que un sempre pensou que eran unha estupidez? Total.

PEDRO: Para nada, ou eu que sei.

LOURENZO: A teoría do caos.

PEDRO: Hai cousas que nunca cambian.

LOURENZO: Pois deberían. Todo debería cambiar. ¿Sabes que ata lle buscou nome ó fetiño?. ¿Viches?

PEDRO: ¿Si? ¿Como lle ides chamar?

LOURENZO: Fetiño, xa lle chamo fetiño, con agarimo. Beatriz. Vaise chamar Beatriz, como a nai. Oe, a ver se me explicas ti, non sei, un rolo que teño metido na cabeza, ¿por qué nos costa máis, xa non falo de matar, cuidado, senón saber que morre alguén se lle sabemos o nome? Les no periódico: Mortos seiscentos filipinos afogados nun ferri... súdacha.

PEDRO: Si, é certo. Ou no telexornal, ¿non? Que se che coincide que ves nos titulares: mortos tres ministros nun atentado con coche bomba,

LOURENZO: Súdacha.

PEDRO: Impresiona. Pero se logo non fas zapping e ves a noticia enteira: fulanito de tal e menganito de cual morreron... E saen os fillos e a muller chorando. ¡E se poñen as fotos!

LOURENZO: Acojona, ¿eh?

PEDRO: Si.

Chourizos. Cortar picar ensacar atar, Lourenzo segue fumando.

PEDRO: Algo había que facer. ¿E non che gusta máis Iria?

LOURENZO: ¿Para o fetiño? ¿Iria? Como Iria Flavia. Non me jodas. Como lle vou poñer o nome dunha aldea. Beatriz. Chámase Beatriz. Como a nai. Como lle vou cambiar agora o nome.

PEDRO: O dos fillos é increíble. Hai xente que non os quere, coma ti...

LOURENZO: Eu non dixen iso.

PEDRO: E outros que se matan por telos. É inxusto. O mundo está moi mal repartido.

LOURENZO: Es un fenómeno. Se non entendin mal, dito coloquialmente, a cousa consiste, en que se tes por exemplo dous fillos, como é o meu caso, e o veciño de abaixo non ten ningún e anda coa pobre da muller coa cona de consulta en consulta a ver se empreña, eu collo á Beatriciña, entrégolla no mesmo momento do parto coa condición de que non lle cambien o nome, e acabouse.

PEDRO: Non sexas animal.

LOURENZO: Estás falando da xusta redistribución dos fillos excedentarios. Eres un crack. Pedro Manuel López Besteiro inventor da ultramoderna planificación familiar, encantado. *Dalle a man.*

PEDRO: Non empeces.

LOURENZO: Empezaches ti.

Cortar, picar, ensacar, atar

PEDRO: Pensei invitarvos á voda.

LOURENZO: E eu son o animal. Iso é un pastón, ¿cómo vas invitar a cento e pico compañeiros?

PEDRO: Non, só a ti e á túa familia. ¿Que pasa? Se non queres non tes por que vir.

LOURENZO: É ó revés. Sorpréndeme.

PEDRO: Somos amigos, ¿non?

LOURENZO: Home, coñecémonos hai canto...

PEDRO: ¿E iso que importa? ¿Queres vir ou non?

LOURENZO: Si. Pero ten claro que non vou ter cartos para o regalo.

PEDRO: Iso tanto ten.

LOURENZO: Pois gracias.

PEDRO: Xa mas darás se chega o día.

LOURENZO: ¿E logo?

Pedro encolle os ombros. Chourizos.

oitava oitava oitava oitava oitava oitava oitava

Segue a guitarra de Pedro zoando coma unha abella, coma unha máquina, repetindo e fracasando acordes. Lourenzo acaba de comer o bocata e bebe dunha lata de cervexa. Logo arma un petardo.

PEDRO: Non sei, botei tres anos tras dela, espiándoa, seguíndoa sen que se decatara, tres anos de segredos, de chorar por ela, poñíame como un tomate cada vez que alguén insinuaba que eu andaba por ela. *Pásalle o tarabaliño a Lourenzo.* E un quince de setembro, acórdome ben do día, porque era a súa festa de cumpleaños. Convidáranme porque sempre convidaban ós curmáns, a todos, sen faltar un. E eu, alí, de pé, no medio do salón, cun tiramisú na man ollando pra ela. E por fin vexo que ela olla pra min. Non sabía que facer. Ela móvese, e vén claramente cara min. E eu sen ser quen sequera de pensar nin como fago pra mover os beizos e dicirlle hola. Ela estira o brazo, a súa man dereita, cólleme o pastel, sorrí como un anxiño, e mete o tiramisú enteiro na boca. E nunha arroutada espétolle: un tiramisú para unha flor de pitimíní.

Lourenzo sorrí

PEDRO: E ela escacha a rir e éncheme a cara cos restos do tiramisú, e todos ollan para min e tamén escachan a rir, veña a rir. E eu non era quen nin de me mover. Logo ela, cun pano, limpoume o nariz. Nese momento noteime tan pouca cousa.

LOURENZO: *Rindo.* Un tiramisú para unha flor de pitimini, que patético.

PEDRO: Vale xa.

LOURENZO: *Lourenzo devólvelle o piti a Pedro.* Se non queres que a xente ría non contes nada Pedriño.

PEDRO: A min non me fai gracia. Despois diso xa non fun quen de falarlle a case ninguén. E o que xa me resultaba imposible era falarlle as mulleres das que me namoraba. E sempre estiveren namorado: da miña profesora de guitarra, da camareira da cafetería, dunha policía municipal, supoño que polo uniforme. Da profe de lingua, Nélica. Vanessa, Sandra, Rosa Tetas, que ben xogaba. Era unha marabilla cando entraba a canasta. Eva, Lucía, a Semenova...

LOURENZO: Increíble.

PEDRO: Si. Ata devecín uns meses pola avoa dos meus veciños: unha señora de case setenta anos que traía de cabeza a familia. Parecía a Sofía Loren. Que muller. Levaba ela máis vellos á casa que visitas o resto da familia. Acórdome que unha das netas dixome dela un día: “amárganos a vida aposta, e iso Noso Señor vaillo ter en conta moi pronto”. Que dozura cando dixo “moi pronto”. Foi como se xa fora, como se esa noite ela e máis eu... Pero non pasou nada. Logo namorei da miña irmá. E da muller do xefe do meu pai, e dunha cantante de orquestra medio china coa que currei. Pero ningunha o soubo nunca, nunca dixen nada a ninguén, a ninguén. A única vez que falei cunha muller para pedirlle, xa sabes, foi coa miña moza, só con ela. A verdade é que a única vez que falei cunha moza conseguín o que quería.

LOURENZO: Pero, ¿que tes?

PEDRO: Que namorei.

LOURENZO: Vas casar. Non te preocupes que non é para tanto. Unha vulgaridade. Todo dios casa con todo dios e non sei de ninguén ó que botaran da Igrexa por facelo mal o día da voda. Decir si quero, non tropezar nin pisar moito á moza cando, ¡á muller!, no vals xa é túa muller, sorrir para as fotos, iso é fundamental. É o día máis feliz da túa vida. Ademais vas atopar a túa peor foto de voda presidindo o salón, enriba da tele toda a vida ó chegar do chollo. Mellor non cases.

PEDRO: Estou namorado de outra.

LOURENZO: ¿De quen?

PEDRO: Da sobriña do jefe.

LOURENZO: ¡Estás salido! É normal. Todo nervios. Ves pasar unha cachonda calquera e vánseche os ollos. Poste como un foguete. Os nervios da voda. Pois vaite afacendo, aínda é peor despois de casar.

PEDRO: Non, non... Téñoa metida dentro. É a muller da miña vida.

Lourenzo ri

PEDRO: Pois voulo decir. Coa canción.

LOURENZO: Estás parvo.

PEDRO: Para ti nunca nada serve de algo. Así che vai.

LOURENZO: ¿Como?

PEDRO: ¿Non pensas facer nada por salvar o chollo?

LOURENZO: ¿E que carallo vas facer? Se te teñen agarrado polos collóns. Primeiro te explotan e ti a calar, non vaia ser que non te renoven, e cando por fin cres que chega o día en que vas poder falar, van, e á puta calle. Para que aprendas que aquí o único que pode dicir algo é o que paga. E sabes que nos están dicindo continuamente.

PEDRO: Vai tomar polo cú.

LOURENZO: Exacto. Vai tomar polo cú e que che preste. Vai tomar polo cú e sorrí, que senon nin iso. Non sei se es quen de imaxinar como de farto estou de tantas novas políticas de reinserción laboral televisadas e de tanto.

PEDRO: ¿Axúdame coa letra da canción?

LOURENZO: ¡Non me jodas a cabeza!. É increíble.

PEDRO: ¿O que?

LOURENZO: Ti.

PEDRO: ¿Eu?. ¿Por que?.

LOURENZO: ¿Estás falando en serio?

PEDRO: Si. ¿Por que non? Se te fixaras nela verías que ten un aquel romántico...

LOURENZO: ¿Esa? O máis romántico que fixo na súa vida foi asinar cartas de despido.

PEDRO: ¿Escríbeme a letra?

LOURENZO: E dálle. *Pedro érguese.*

PEDRO: Creo que vén o encargado.

LOURENZO: Que nos descubra.

Pedro vai gardando todo con coidado na caixiña.

PEDRO: Pasou de largo.

LOURENZO: Acojonado.

PEDRO: Mira quen foi falar.

LOURENZO: ¿Quen?

PEDRO: O que non fala.

Lourenzo ofrécelle un grola a Pedro, que non quere. Bébeo el e logo pégalle outro lingotazo directamente á petaca

PEDRO: Queren ir de putas na miña despedida de solteiro. Están decidindo en que putiferio, e con cantos kilos de carne. ¿Teño cara de cura?

LOURENZO: ¿A que ven iso?

PEDRO: Cando se decataron de que andaba eu por alí puxéronse a falar de paridas. Xa sabes. Deben pensar que aínda non me estrenei. Total a min iso de ir de putas non me chama moito. Pero tampouco nacín onte. Podían preguntarme, ou contarme algo.

LOURENZO: Fano por dar unha sorpresa, home.

PEDRO: ¿Que sorpresa? Se sempre andan contando que en todas as despedidas de solteiro van de putas. O que pasa é que queren ir sen min. Non me van levar. Son demasiado educado, e iso non gusta. Non me ven sequera. Eu cría que deste xeito conseguiría que alomenos me respetaran. Pero ninguén ten en conta á xente educada. ¿Ti fiariaste dun tipo así?

LOURENZO: ¿Un tipo que?.

Pásalle o pitillo a Pedro.

PEDRO: Un tipo moi educado.

LOURENZO: Si. Depende.

PEDRO: ¿Non ves?

LOURENZO: Non é nada personal, Pedro.

PEDRO: E as mulleres nin me ven, ou polo menos as que eu quero. Sempre foi así, dende a miña curmá Raquel ata ésta, nunca se decatan. Pero xa chegou. ¿Fasme a letra? Ti tes facilidade para as palabras.

LOURENZO: Qué cruz.

Lourenzo saca o periódico da mochila e bótase á lectura no sentido árabe, empezando pola contraportada.

PEDRO: ¿Teño cara de cura?

LOURENZO: De cura non. De monaguillo.

PEDRO: ¿Si?

LOURENZO: De monaguillo pesado. ¿E eu?

PEDRO: ¿Que?

LOURENZO: ¿Que de que teño cara? *Pedro ri.* A ver se vas levar un pelote.

PEDRO: Ti valerías para un chollo deses de moito falar.

LOURENZO: ¿Si?

PEDRO: Político, abogado... Futbolista. Agora falan seguido, en todas partes.

LOURENZO: Non estaba mal. ¿Teño cara de Director Xeral de Familia?

PEDRO: Asi de perfil, das o pego.

LOURENZO: Un aquel de paspán si que che teño, iso sempre é un punto. Estoume vendo no Magnolias do Correo Galego. Orgásmico. Pólvora para los del no, porque... Ou de director xerente dalgunha institución cultural autónoma.

PEDRO: ¿Que carallo é iso?.

LOURENZO: *Encolle os ombros.* O de andar de putas a min tampouco me tira moito. Antes aínda lle daba, pero desde o da mulata acabouse, punto e final. Unha parida: un día collín unha tipa, porque ían todos os do curro, na última empresa, e leveina a un descampado para que me fixera unha traballiño como dios manda. Xa sabes. Coller e ¡bumba!, meterlle o rabo na boca. Alí a pobre da negra afogada, non sei se me entendes por onde van os tiros...

PEDRO: Non sigas por aí tío.

LOURENZO: ¿Que pasa?. Primeiro quéixaste de que os outros non falan diante túa destas cousas e agora que che comento, así moi por riba, as miñas impresións sobre o asunto, poste digno e pídesme que peche a boca. ¡A ver se te aclaras!. ¿A que viña isto?.

PEDRO: A nada.

LOURENZO: ¿Cómo que a nada? ¡Ah, si! O da mulata. ¿Entendes por onde vou? Non tiña que controlar. Coa mulata, ¿entendes? A iso ía. Nada de parar, correrme fóra, ir lavado. Nada. Deixarme ir. Iso de controlar é unha crueldade.

PEDRO: Si.

Soa a serea

PEDRO: Entrou máis material.

LOURENZO: *Mirando o reló e ao saco e á oficina e ao mundo. Este puto pais non hai cristo que o estructure. Berra. E o descanso ¿que?*

novena novena novena novena novena novena

Desvestíndose, Pedro aínda cabizbaixo, calado, entra Lourenzo berrando os acordes do Danubio Azul, medio disfrazado de noiva cunha pata de coello a xeito de ramo de orquídeas. Chega onde Pedro, cólleo de ganchete e bérralle na orella

LOURENZO: ¡Si quiero! *Bótalle rincha-rincha polos pelos a Pedro e como remate guinda o ramo-pata de coello para atrás. ¡Pitu! ¡que suerte tuvistes! ¿Viches?*

PEDRO: ¿Pedícheslle o coche a Beatriz?

LOURENZO: Si... Pero xa che dixen que non che vou deixar conducir.

PEDRO: Pero mira como estás xa...

LOURENZO: Como dios. E mañá peor. Vou subir cantar coa orquesta, a túa canción.

PEDRO: ¿Tesme a letra?

LOURENZO: E o luns de resaca, no paro e sen cobrar. Pero, que lle imos facer.

PEDRO: ¿En serio? ¿Tesme a letra?

LOURENZO: Si.

PEDRO: Cántama.

LOURENZO: Nin de coña. Voucha dar de regalo de voda.

PEDRO: Non, ten que ser xa. Se non, non me vai quedar tempo para ensaiala.

LOURENZO: Se cha digo agora ti es quen de ir cantarlla á sobriña e logo non casas. Éxito asegurado. Logo vén a túa futura e mátame.

PEDRO: Mira, esto é o que hai. *Saca un feixe de billetes da carteira e déixao no taburete, na sombriña mesma de Lourenzo.* Se me deixas conducir a min. Non vou beber, nin fumar, nin nada... En serio.

LOURENZO: Si. Se ás oito non está o coche diante da miña casa... Se lle pasa algo, mátote. ¿Dacordo?

PEDRO: Dacordo. Déixame as chaves, anda.

LOURENZO: Que cuspa fóra.

PEDRO: Non fales así. Déixame as chaves, por favor.

LOURENZO: Necesítao miña muller. Ás oito en punto diante da miña casa. Se non mátote.

PEDRO: Mátasme.

LOURENZO: Con saña.

PEDRO: Mátsame con saña se non está ás oito en punto diante da casa. Déixame as chaves, por favor, por favor, por favor...

LOURENZO: ¿Que fas? Arriba. Toma. *Dalle as chaves do coche.*

PEDRO: Gracias, tío. ¿É certo que tes a letra?

LOURENZO: Si.

PEDRO: Cántama. Dima polo menos, por favor.

LOURENZO: *Falando da corbata.* Está mal feito, ¿ves? Ah, pois non. Hai que pasar primeiro este cabo pola esquerda.

PEDRO: Dima polo menos.

LOURENZO: Espera que faga memoria. Primeiro é o lado estreito para a esquerda. Héroe muy solitario, él solo es un operario, y la ama...

PEDRO: Iso non vai coa música.

LOURENZO: ...se debate en el infierno, de quererla y no tenerla y la ama. ¿Con que música?

PEDRO: Coa que estou compoñendo eu.

LOURENZO: A min non me dixeches nada de que tiña que ir cos ruidos que fas.

PEDRO: É o lóxico.

LOURENZO: A lóxica non é máis que un xeito de controlarnos. Xa está. De facer que pensemos como pensan todos. Unha crueldade.

PEDRO: Xa. Pero todo o que fas ti é falar. Logo cando hai que facer algo, cágala. Non fas nada, nunca.

LOURENZO: Se chego saber que te ías poñer así non che gastaba a coña.

Tíralle a corbata

PEDRO: O da letra tanto ten. Teño a miña música. É miña. Personal. Son eu, espido diante dela. Ademais, o matrimonio non vai comigo. En realidade non vai con ninguén. Non vai. *Lourenzo deixa de se vestir e mírao.* Toda a familia no banquete coas cámaras de fotos, as firmas na tarxeta da comida, o da corbata. O vídeo. Unha das cousas que peor levo da miña moza é que lle encantan os vídeos de voda.

LOURENZO: Iso é grave. Terrible. Imperdoable. Pero común.

PEDRO: Decidido, non caso. Deixo o chollo e xa está. Non se pode estar cobrando o que cobramos e logo abrir a boca para protestar porque nos explotan.

LOURENZO: Estás cagadiño, rapaz. Non lle deas mais voltas. Xa estás no pasillo, con todas as vacas empurrando detrás. Non hai volta. Así que, reláxate, comprame dez taleguitos para todos, ou o que ti queiras. Despois pasamos polo súper, collemos entre tres e duascenas botellas de whisky e co que nos sobre facemos cócteles molotov e que arda Troia. Imos celebrar a despedida de solteiro do ano, do século, do millenium... Deberías invitala. Á nosa queridísima...

PEDRO: ¿Ti cres que viría?

LOURENZO: ¡Segurísimo! Poño a man no lume e os huevos nunha tarteira. E como fin de festa aproveitando, collémola, pasámola e repasámola e facémoslle todo o que queiras no almacén. Vaiche sair moitísimo máis barato que as putas.

A voz de Clapton introduce unha nova versión para madrugadas de Before You Accuse Me (Take A Look At Yourself)

décima décima décima décima décima décima

*Pedro na parada do bus diante de Cárnicas Amancio. Leva a corbata posta. Chama por un teléfono móbil. Leva postas as luvas de traballar. Segue sonando, moi lonxe, Eric coa guitarra, **Before you accuse me.***

PEDRO: Merda. *Busca a mellor cobertura.* Nove oito un cincuenta e oito catorce corenta e catro. A ver se colle este cabrón. Vai. Colle cabrón. Tres, catro, cinco. ¡Lourenzo! Perdoe. ¿Está o seu home? Non. ¿As sete e media? Total ás oito xa ten que estar no coche. ¿Non? ¿Como? Non, saéme, síntoo. A próxima vez tutéoche, si. ¿Que non sabes quen é Lourenzo?. ¿Pero ti quen eres? ¿A filla? ¿Beatriz, o fетиño?. ¡Sen faltar!. ¿Teu pai non se chama Lourenzo? Aí non vive ningún Lourenzo. Perdoe. Si, iso, perdoa. Ata logo. Si. ¡Chst, escoita! Vai tomar polo cú.

Corta.

¡Merda! A ver. Relax. *Comproba o número no móbil.* ¿Está Lourenzo? Son Pedro. Si, pero marchei antes. Non me atopaba ben. Os nervos, claro. Si, si, quedaba con todos nun pub. ¿Borracho? ¡Non, casi non bebeu! Claro, mire se está durmindo no sofá. Si, si, non hai présa. Bueno, algo. ¿Non está? Ben, pois xa chamarei máis... ¿Que está entrando pola porta? *Pasea, saca notas musicales.* ¿Lourenzo? Estouche chamando polo seu móbil. Si. Si, o da xefa. ¡A sobriña! Non, non é como ti cres. ¿Como vou querer que sexas o padriño da voda? ¡Cala e escoita! Non, non lle pasou nada ó coche. O típico, mancheino un pouco. Si, a camareira estaba moi cachonda, si. Non me importa o que te atreveras a decirlle, ¡cala e escoita! ¡Fáloche como me sae da gana! ¡Deixa en paz o da voda! Si, o coche está aí ás oito como quedamos pero tes que vir ti a por el. Á fábrica. Xa cho dixen. Chamo desde o seu móbil. ¡O da sobriña! ¡Si! ¡Á fábrica! ¡Onde traballamos os dous, que fábrica vai ser! ¡Xa sei que hai moitas, pero se digo a fábrica é a fábrica! Non vou discutir por tonterías, Lourenzo. Tes que vir buscar o coche. Si. Moi cachonda. Moi bonitiña. Non, non lle falei do teu contrato. ¿Que se a conquistei? Non me vaciles, si, máis ou menos. Non, coa canción non. Coa guitarra. Si. Si. Si. Non, non me declarei, creo que fun un poco brusco. ¡Vén á

fábrica agora mesmo! Non perdas tempo. Xa sei que non tes coche, pero colles un taxi, págocho eu. Xa che pagarei as putas outro día. ¡Apura!

décima segunda décima segunda décima segunda

Almacén da fábrica. Acéndense as luces. Silencio. Pedro xoga co móbil, fuma, bebe da petaca, mira o saco. Ten as luvas postas.

LOURENZO: ¡Pedro! ¿Onde andas?

PEDRO: No garito. Ó fondo.

Lourenzo entra.

LOURENZO: Ti estás tonto. As chaves.

Pedro pénsao. Saca dous chaveiros do peto. Tira un deles a Lourenzo, que as garda no peto.

LOURENZO: E mil pelas polo taxi.

PEDRO: *Saca os cartos e dállos. Saiuche caro.*

LOURENZO: Cala. O que tiña que facer era pegarche as hostias que che prometin. Pero estás perdoado. É o meu regalo de voda. ¿Lévote a algún sitio?

Lourenzo vólvese para marchar

PEDRO: Non sei se vai haber voda.

LOURENZO: Estás parvo.

PEDRO: ¡Cala, joder! É algo serio. Está ela aquí, comigo.

LOURENZO: Mira Pedro. Ás oito tiña que estar o coche diante da casa e tesme aquí como un imbécil, non me fai puta gracia.

PEDRO: Está no saco. Como dixeches ti.

LOURENZO: Está esperándome Beatriz. Se non casas, avisa. Aproveito e vou durmir a resaca. Que che dean moito, Pedriño.

Lourenzo sae e volve coas chaves na man.

LOURENZO: ¿Que carallo e isto?

PEDRO: As chaves da fábrica.

LOURENZO: Dáme as miñas.

PEDRO: Dixéchelo ti: metémola nun saco, encerrámola no almacén, amarrámoslle...

LOURENZO: Dáme as miñas chaves e cala a boca.

Lourenzo tiralles as chaves da fábrica, Pedro déixaas caer ó chan.

LOURENZO: ¿Que fas? ¡As miñas chaves, hostia!

PEDRO: Aí as tes. *Ofrécellas pero non llas dá ata que Lourenzo o agarra polo pulso esquerdo.* Estamos os dous nisto. Fíxeno polos dous.

Agarran os dous con forza o chaveiro do coche, Pedro retórcelle o brazo a Lourenzo e faino caer de xionllos.

PEDRO: Se saes por esa porta só terei que chamar á Policía e decirlle que miren no teu coche. Estás tan collido coma min. A xente sabe quen é o sospeitoso número un. O que fuma na planta, o camello, o que fala de mais, o dono do coche no que a trouxeron ata aquí. A quen non lle van renovar o contrato. A ver se adiviñas de quen son as pegadas que hai nas chaves da fábrica. Temos unha solución: colles o mandil e mais o gorrecho, polos, e a traballar, a facer chourizos. Traballo temporal para empresarios, universalización do... Toda esa merda que dis ti.

Pedro sóltao. Lourenzo entón revólvese contra el e sae. Escóitanse portas que pechan e chaves que xiran. Pedro interpreta de memoria a peza completa. Vólvense escoitar portas. É Lourenzo.

Busca as chaves do coche, cólleas e fai o aquel de saír de volta.

PEDRO: Non me renovaron.

LOURENZO: ¿Desde cando o sabes?

PEDRO: Hai un mes, díxomo a miña curmá Raquel. Cando me trouxo o regalo de voda. ¿Sabes que me regalou? Un móbil deses de que xa somos libres.

Pásalle o móbil a Lourenzo, fai sonar o timbre, a musiquiña de “Libre” de Nino Bravo.

LOURENZO: ¿Como se para isto?

Pedro bata co móbil contra unha caixa.

PEDRO: ¿Que facemos?

LOURENZO: De momento, fume. Fuxir. A Amsterdam.

PEDRO: ¿Amsterdam?

LOURENZO: Si.

PEDRO: ¿Por que Amsterdam?

LOURENZO: Polo material. Cojonudo.

PEDRO: ¿Putas?

LOURENZO: Hachufa.

PEDRO: Non sabía, non me mires así. ¿Dasme un?

LOURENZO: É o último.

PEDRO: Eu non fumo tanto coma ti. De feito cando máis fumo é cando estou contigo.

LOURENZO: Ai que hostia.

PEDRO: Perdoa.

LOURENZO: Como me volvas pedir perdón mátese. Joder, xa parezo un ionqui. Amsterdam. Os ionquis cando se xuntan sempre andan falando de ir a Thailandia, ¿tampouco o sabías? Acaban de chutarse, están completamente cegos e xa se poñen a pensar en Thailandia.

PEDRO: ¿E por que?

LOURENZO: Polo material. Supoño. Ou eu que sei. *Pedro fai un círculo de fume.* ¿Como fas iso?. ¿Ves? É unha desas cousas que me jode pero mogollón non saber facer.

PEDRO: É fácil. Tes que escoitar este ruído. Así non tes que poñer cara de pez. E aí a tes. Unha o.

LOURENZO: Un cero. ¿Ti cres nos Reis Magos? Trae o pitillo para aquí.

PEDRO: Nunca crin. De pequeno, unha tarde que non estaban os meus pais, os meus irmáns maiores obrigáronme a ver as caixas dos regalos no trasteiro. Aínda

así eu seguín a decir que cría neles, durante anos. Se algún compañeiro da escola decía que cría, eu tamén. E se non, eu tampouco. ¿Ves? Colles así, pechas a boca, e botas o fume con forza. *Fai outro cero. Aí vai outra. Devólvelle o pitillo a Lourenzo.*

LOURENZO: Eu crin casi ata que fun ó Instituto. A tarde anterior, o día cinco, limpabamos os zapatos. Todos os irmáns alí arredor da caixa dos bruzos e mais o betún, co chan todo cuberto de periódicos. Puñamoslle auga para os camellos, licores, pastitas, chocolate. Vaia chea que agarraban os vellos pola miña culpa. Non lle poñades licor, decían cando xa fun medrando algo. E nós, por joder, máis aínda. Aínda é hoxe que teño que levarlle os zapatos limpos o día antes e cando chego alí pola mañá, o día de Reis, está de resaca e ten os regalos colocados onde os zapatos. Gústame. Pero agora co cabrón de Papá Noel. Gordo do carallo. Nin sequera iso. Os pais, son os pais. Hai que joderse.

PEDRO: ¿Qué facemos?

LOURENZO: ¿Que facemos? ¿El coche o el anuncio? ¿Cueces o enriqueces? ¿A qué huelen las nubes? ¿A qué huele lo que no huele? ¿Que é o que pasa cando non pasa nada?

PEDRO: Nada. Qué estupidez.

LOURENZO: ¿Nada? ¡Ignorante! ¿Que facemos? Seguir aparentando que todo é normal. ¿Sabes bailar o vals?

PEDRO: ¿Iso que anuncio é?

LOURENZO: É en serio. Se queres apréndocho. Para que non vaias facer o ridículo na túa voda. A meu irmán aprendinllo tamén na despedida de solteiro, cando volvimos para casa.

PEDRO: Pois vaille preguntar se quere perfeccionarse.

Colócalle a corbata e tira del para poñelo en pé. Agárrao e dálle as indicacións necesarias para empezar a bailar.

PEDRO: ¿Que fas? Déixame en paz. Aínda che vou...

LOURENZO: Arriba, a bailar. Ti pos a música e eu vouche dicindo os pasos. Pim pam pam, pim pam pam, pim pam pam, paaaaam... Veña, é fácil, dereito, esquerdo, nas puntas. Canta, un dous tres, un dous tres, ¡Canta máis alto! ¡Baila, mariquita!

*Miran as volutas brancas, espirais, fíos, nubes, Pedro fai un o, círculo de fume, símbolo do vacío,
nada, rin, sen deixar de bailar.*

*Se cadra, logo do escuro estoupa outra vez o ruído de máquinas e Pedro e Lourenzo traballan
facendo chourizos na liña de produción, se cadra volven toparse en Umano Traballo Temporal,
ou en Amsterdam.*